

DESTAQUES:

As seis universidades públicas de Galicia e do norte de Portugal colaboran na publicación conxunta da revista Estudos Eurorrexionais, editada pola Fundación CEER



De esquerda a dereita, Félix Blázquez, Pedro Melo, Carlos Ferrás

Trala publicación do seu número un no ano 2007, a revista Estudos Eurorrexionais continua a súa andaina no 2008 coa publicación do seu número dous, froito do exitoso traballo colaborativo entre as seis universidades públicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e académicos e profesionais de recoñecido prestixio convidados polas universidades para formar parte do seu Consello Científico, baixo a coordinación da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal.

O número dous da revista Estudos Eurorrexionais presentouse o pasado día 24 de outubro na Universidade da Coruña. Presidido polo Reitor da Universidade da Coruña, José María Barja Pérez, no evento estiveron presentes o director da revista e Pro-reitor da Universidade portuguesa de Tras-os-Montes e Alto Douro, Pedro Melo Pinto, o secretario da revista e profesor da Universidade da Coruña, Félix Blázquez Lozano e o director da Fundación CEER e profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Carlos Ferrás Sexto.

A revista sae á luz en formato papel e en formato dixital dende a páxina web da Fundación CEER (www.fceer.org), a partir da cal se pode descargar a revista na súa totalidade, ademais de tódolos artigos publicados de maneira individual. Nesta plataforma electrónica está tamén dispoñible un sistema OpenConf, de doado funcionamento, coa que a revista convida a toda a comunidade universitaria (profesores, investigadores, alumando, etc..) a enviar artigos, notas, recesións, ou valoracións críticas, para a súa publicación.

ESTE MES:**A UTAD consegue o Diploma Supplemente Label**

A UTAD foi uma das 30 Instituições de Ensino Superior da Europa distinguidas este ano pela Comissão Europeia com o Diploma Supplemente Label, para vigorar nos próximos três anos.

A UPorto participa na maior videoconferência do mundo

O pasado día 6 de Novembro, a UPorto foi o cenário da X Megaconference, o maior evento de videoconferência do mundo.

Compartir coche na USC

Dentro do programa de fomento de hábitos de mobilidade máis respectuosos co medio ambiente, a Coordinación do Plan de Desenvolvemento Sostible, pon en marcha esta iniciativa que pretende fomentar o uso racional do automóbil co obxectivo de reducir as emisións de CO2.

Exposición viva das nosas manifestacións culturais na "II Mostra de Patrimonio Cultural Inmaterial Galego-Portugués"

Coordinada pola UVigo, esta mostra pretende dar a coñecer o patrimonio galego ademais da súa promoción, protección, difusión e transmisión.

I Feira Europea de Emprego no Campus da UDC

Clausurouse con éxito a I Feira de Emprego da Udc coa participación de máis de 5000 persoas.

Sessão de Recrutamento na UMinho

A empresa NOESIS estivo na UMinho para uma apresentação dos projectos e do mundo das Tecnologias de Informação.

Créase o primeiro Club Lectura Virtual Universitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Fundación CEER crea o primeiro Club de Lectura Virtual Universitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, contando co financiamento da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Este proxecto, pretende o desenvolvemento dunha plataforma electrónica que sirva como punto de encontro da comunidade universitaria galega e portuguesa do norte, para o fomento da lectura en galego e portugués.

Museo Virtual Universitario, o acceso a un novo universo cultural

Edítase o CD Multimedia: "Museo Virtual Universitario, o acceso a un novo universo cultural" a partir dos recursos museísticos máis relevantes dixitalizados, dende as seis universidades públicas de Galicia e norte de Portugal, recollidos no Website do Museo Virtual Universitario da Fundación CEER.

Este CD, creado pola Fundación CEER e financiando pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, permitirá achegar aos seus usuarios aos máis importantes museos universitarios da Eurorrexión coa realización de percorridos virtuais polos seus corredores, salas e vitrinas.



CONVOCATORIAS E BOLSAS:

IX edición do Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC

Máis información:

<http://www.uninova.org/ga/eventos.asp?id=64>

Convocatoria dun contrato con cargo a un proxecto do Grupo de Investigación LyS. Facultade de Filoloxía da UDC

Máis información:

<http://www.udc.es/actualidade/ga/default.asp>

Cátedras de Biomedicina Fundación BBVA 2007

Máis información: www.fbbva.es

Premio "Nicolás Pérez-Serrano" para teses doutorais en Dereito Constitucional

Máis información:

http://www.boe.es/g/es/bases_datos/doc.php?coleccion=indilex&id=2008/16478&xtlen=1000

Premio "Juan Linz" para teses doutorais en Ciencia Política

Máis información:

http://www.boe.es/g/es/bases_datos/doc.php?coleccion=indilex&id=2008/16478&xtlen=1000

Convocatoria de contrato con cargo a proxecto da OTRI na UDC

Máis información:

<http://www.udc.es/actualidade/ga/default.asp>


Prémio por Mérito Escolar na Uminho

Máis información:

<http://www.uminho.pt/Default.aspx?tabid=29&pageid=693&lang=pt-PT>

Ciclo de animação cultural na UTAD

O Ciclo Cultural pretende ser um programa de animação cultural do Complexo Pedagógico da UTAD. É constituído por um conjunto de exposições de pintura, de fotografia, de palestras sobre temas variados, de conferências, de curtos momentos teatrais e musicais. As principais finalidades do Ciclo são o incentivo ao cultivo das mais variadas artes e a partilha das virtualidades artísticas e culturais com os outros.



Xornada Informativa SSH & SiS - VII Programa Cadro

O vindeiro 20 de novembro celebrarase en Valencia unha xornada informativa sobre as convocatorias 2009 de "Ciencias Socioeconómicas e Humanidades" e "Ciencia na Sociedade" do VII Programa Cadro

Creativity World Forum 2008

O "Creativity World Forum 2008" é un evento de referencia na área da creatividade e a innovación que se realiza cada dous anos na cidade belga de Amberes. Este ano terá lugar os días 19 e 20 de novembro e pretende reunir xente de diferentes organizacións, sectores e rexións do mundo.

I Congreso Internacional de Valorización Integral do Monte

A Consellería de Medio Rural da Xunta e Galicia, organiza o I Congreso Internacional de Valorización Integral do Monte que terá lugar do 19 ao 22 de novembro de 2008 en Santiago de Compostela.

EVENTOS:

Semana de Jazz na U.Porto, com grupo de Michael Lauren e BansuriCollectif

Do 20 e 21 Nov., e-learning Café, 22 a 23 no Teatro do Campo Alegre em Porto

Unha ollada diferente sobre o deporte rei na mostra fotográfica "Fútbol, no comercial"

A partir do 26 de novembro, en Vigo

SEMINARIOS, CURSOS :

2008 Oporto International Conferences

Do 28 de abril ao 23 de xuño de 2008, en Porto

Seminario de Resolución de problemas e toma de decisión na USC

Días 17 e 18 de novembro, em Santiago de Compostela

Seminario, A Biodiversidade das rías: un diminuto mundo vivo baixo os teus ollos

Do 21 ao 23 de novembro, na Estación Biolóxica da Graña, em Ferrol

Curso de "A Pessoa Portadora de Ostomia" na UMinho

Do 8 ao 29 de novembro, na Escola Superior de Enfermagem, em Braga

Exposição "Evolução, Portugal de Antes da História" na UTAD

De 16 de Outubro de 2008 a 31 de Maio de 2009 - Museu de Geologia da UTAD - Vila Real